




**Acordo entre a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT para a correcta finalización de determinados procesos de estabilización mediante concurso, de escalas e categorías de persoal de Defensa contra incendios forestais convocadas como consecuencia do establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público.**




A Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal da Xunta de Galicia, como órgano convocante dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, en vista das reclamacións e dos recursos de alzada interpostos contra os baremos definitivos dos procesos de estabilización na modalidade de concurso, relativos ao persoal de prevención e defensa contra incendios forestais, incluídas no Anexo, adoptarán as actuacións que se establecen no presente acordo.



As causas que motivan a súa adopción son:

- 
- 
- As significativas discrepancias detectadas entre o autobaremo realizado polas persoas aspirantes e os baremos provisionais e definitivos xa publicados, nas que un inusual número deles obteñen unha puntuación real inferior á que tiñan declarado na súa solicitude.
  - A aplicación da regra de cómputo de servizos prestados para o persoal que tivese prestado servizos en situación de fixo discontinuo.
  - O traslado polas organizacións sindicais, traballadores e persoas afectadas a esta Dirección Xeral das inxedanzas que se están a orixinar dentro do colectivo, sinalando que van a ser desprazadas un gran número de persoas aspirantes que non superaron o corte do autobaremo como consecuencia dos feitos antes sinalados.




Así, debido a necesidade de garantir os principios establecidos no artigo 14 da Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os principios constitucionais de acceso ao emprego público e co fin de reforzar a transparencia e a seguridade xurídica destes procesos, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e as organizacións sindicais..... establecen o presente

## ACORDO



### Primeiro. Actuacións sobre os procesos de estabilización en curso.


#### 1. Suspensión temporal dos procedementos en curso.



Suspéndense as actuacións nos dez procesos que se enumeran no anexo do presente documento coa conservación íntegra de todos os actos realizados, incluíndo:


- Os baremos provisionais e definitivos publicados.
- As cualificacións obtidas polas persoas aspirantes que xa realizasen probas de esforzo físico ou visual.

#### 2. Publicación dun baremo provisional complementario.



Procederáse á publicación dun baremo provisional complementario que inclúa ás persoas participantes que, por aplicación das bases das convocatorias, non foran baremados ata o momento. Como resultado desta actuación, todas as persoas aspirantes que solicitaron participar no proceso serán baremados provisionalmente.

#### 3. Publicación dun baremo definitivo consolidado.



Tras un prazo de dez días para presentar alegacións ao baremo provisional complementario, publicarase un baremo definitivo consolidado no que figurarán:

- A puntuación definitiva das persoas aspirantes xa baremadas con anterioridade.

- o As puntuacións definitivas das novas persoas aspirantes incluídas no baremo provisional complementario.

Deste modo, quedará realizada a baremación da totalidade dos participantes por orde decrecente de puntuación, nun único baremo definitivo consolidado.




#### 4. **Continuación dos procesos.**


Unha vez completadas estas actuacións, os procesos retomarán o seu curso ordinario segundo o disposto nas bases das convocatorias respectivas, e convocarase, no seu caso, para a realización da proba física ou visual, de conformidade co disposto na base 2.7.2 e 2.7.3 da Resolución de 20 de xaneiro de 2023 (DOG do día 23), a un número de persoas aspirantes igual ao número de prazas convocadas mais un 20% delas, seguindo a orde de puntuación obtida na fase de concurso segundo o baremo definitivo consolidado. Non serán convocados, de ser o caso, á realización desta nova proba física ou visual as persoas aspirantes convocadas anteriormente.




#### **Segundo. Procedemento que permita a toma de posesión en procesos paralelos, demorando a opción para un momento posterior.**




Dado o posible atraso derivado destas actuacións e co obxectivo de permitir a toma de posesión noutros procesos que se están a tramitar derivados da Lei 20/2021, establécese o seguinte procedemento para as persoas aspirantes afectadas:

1. As persoas aspirantes que participen simultaneamente noutros procesos de estabilización, cuxas resolucións se produzan antes da finalización dos procesos obxecto deste acordo, poderán tomar posesión dos postos adxudicados noutros procesos, sen que esta toma de posesión implique o exercicio do dereito de opción establecido no artigo 11 da Lei 5/2022, do 21 de decembro.
  2. Unha vez finalizados os procesos afectados por este acordo, as persoas aspirantes propostas para adquirir a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo deberán manifestar expresamente a súa decisión, elixindo entre:
- 

- 
- Tomar posesión no posto acadado no proceso selectivo que agora finaliza, comprometéndose a permanecer dous anos en servizo activo, conforme ao artigo 11 da Lei 5/2022, do 21 de decembro. Neste caso, as persoas aspirantes deberán renunciar de forma expresa ao posto adquirido con anterioridade.
  - Permanecer no posto adxudicado previamente, o que implicara que renuncia a continuar participando no proceso selectivo obxecto deste acordo.




### **Terceiro. Cumprimento dos prazos legais de estabilización.**



As partes asinantes do presente documento entenden que a definitiva resolución destes procesos máis alá do prazo establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, para a finalización dos procesos de estabilización, motivado polas circunstancias excepcionais que os afectan, non suporá a nulidade ou anulabilidade dos actos administrativos realizados. Este prazo non ten carácter perentorio, sendo o obxectivo fundamental da norma a estabilización do emprego público, que se garante coa conclusión efectiva dos procesos.



### **Cuarto. Colaboracion das organizacións sindicais.**



As organizacións sindicais asinantes, conscientes das reivindicacións do persoal afectado nestes procesos de estabilización, no convencemento de que o presente texto vai mellorar a transparencia e a seguridade xurídica destes procesos, apoian o presente documento do que darán traslado ás persoas traballadoras afectadas polos mesmos.

### **Quinto. Vixencia do presente acordo.**

A Dirección xeral de emprego público e administración de persoal comprometése a executar o contido destes acordo no menor prazo posible.

### **Sexto. Comisión de seguimento.**

Constitúese unha comisión de seguimento que será informada do remate das baremacións de cada unha das categorías así como das sucesivas datas de publicación dos baremos provisionais. Estará integrada por un membro de cada unha das organizacións sindicais asinantes e un máximo de catro membros por parte da administración.

### **Séptimo. Publicación.**

Para xeral coñecemento este documento será publicitado.

Santiago de Compostela 23 de decembro de 2024.


Pola Administración

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal


Nuria Aguilar Vázquez



Polas Organizacións Sindiciais



Alexandre Prieto Giraldez  
Representante de CIG



Jordi Pérez García  
Representante de CSIF



Juan José Rodríguez Blanco  
Representante de CCOO



Lino Díaz Goás  
Representante de UGT

## ANEXO

### Relación dos procesos afectados

Os procesos obxecto deste acordo son os seguintes:

Grupo I	I-38	Cat. 38 Técnico superior defensa contra incendios forestais
Grupo II	II-39	Cat. 39 Técnico forestal DCIF
Grupo III	III-100	Cat. 100 Bombeiro forestal. Xefe de brigada
Grupo IV	IV-33	Cat. 33 Conductor autobomba SDCIF
Grupo V	V-10B	Cat. 10B Vixilante fixo SDCIF
Grupo V	V-10C	Cat. 10C Emisorista SDCIF
Grupo V	V-14	Cat. 14 Bombeiro forestal
Grupo V	V-14A	Cat. 14A Bombeiro forestal condutor
C1	209U	C1 Bombeiro forestal-xefe de brigada
C2	207U	C2 Bombeiro forestal